

PLAN
DE **IGUALDADE** DE
TRATO e OPORTUNIDADES

CONCELLO DE CARIÑO

EDITA

Concello de Cariño, 2015

FINANCIA


Deputación da Coruña

ELABORACIÓN

Persoal técnico dos Servizos Sociais do Concello de Cariño coa colaboración da empresa Deloga.

DESEÑO E MAQUETACIÓN

Deloga




**II Plan de IGUALDADE de TRATO e
OPORTUNIDADES entre Mulleres e
Homes**

2015-2017

CONCELLO DE CARIÑO

ÍNDICE

Saúda	páxina	1
Introdución	páxina	3
Principios reitores	páxina	5
Áreas de intervención	páxina	7
Mecanismo de coordinación	páxina	27
Avaliación	páxina	30



SAÚDA

Como alcalde de Cariño é para min unha satisfacción presentarvos este novidoso Plan de Igualdade que procura acadar o obxectivo de incorporar a perspectiva de xénero en cantas accións e áreas se vexa implicada a corporación local, nacendo froito do firme compromiso que dende o consistorio temos por facer de Cariño un espazo de convivencia compartida, un pobo no que a violencia contra as mulleres sexa desterrada definitivamente, un lugar onde a discriminación quede reducida á súa mínima expresión.

A día de hoxe, e logo de case catro décadas de democracia, no noso país vemos como continúan sendo frecuentes situacións nas que as mulleres resultan agraviadas exclusivamente pola súa condición feminina, fundamentalmente en campos como o acceso ó emprego ou a remuneración do mesmo. Aínda hoxe, as mulleres ocupan cotas de representación inferiores ás dos varóns nos distintos centros de poder, xa sexan estes políticos, económicos ou sindicais. Esta desigualdade acada a súa faciana máis dramática nos casos de violencia de xénero. Non pode haber sistema democrático que acade a súa madurez en tanto en canto tolere o sometemento de parte

dos seus membros. Medrar en democracia é facelo en igualdade entre mulleres e homes.

Somos conscientes de que aínda queda un longo camiño por percorrer e, por iso, dende o noso concello imos a fomentar políticas de igualdade, poñendo en marcha programas de sensibilización e medidas formativas que favorezan o acadar un axeitado equilibrio social. Por iso cremos que o primeiro exemplo desta sensibilidade ten que ser a redacción e posta en marcha deste plan co que pretendemos estender de forma real o dereito de igualdade en cada acción desenvolvida dende o consistorio.

Os avances acadados polas mulleres nos derradeiros anos teñen sido moitos e importantes, en Cariño sabémolo moi ben, mais aínda debemos seguir mirando á fronte ata acadar a tan ansiada igualdade real e efectiva, algo que non se concretará ata o momento en que homes e mulleres contemos con idénticas posibilidades para desenvolvernos.

Como dicía, este documento é só un chanzo máis no noso compromiso coa igualdade. Unha arela que vai a influír en

todas e cada unha das áreas municipais, e que pretende ir máis aló. Moito máis aló. Para que chegue a ser realmente efectivo precisamos que trascenda á veciñanza, que os cariñeses e cariñesas o sintan como propio.


Polo tanto quero trasladar os meus parabéns a todas as persoas que dunha forma ou outra teñen feito que este proxecto sexa unha realidade e que, con tesón e dedicación, acadaron avances nun eido no que aínda resta moito por facerse.

José Miguel Alonso Pumar

Alcalde-Presidente do Concello de Cariño.

1

INTRODUCCIÓN




As FASES DO PROCESO de elaboración do plan operativo de igualdade foron as seguintes:

- Establecemento dun DIAGNÓSTICO de puntos febles e puntos fortes cuxa finalidade foi visibilizar os desequilibrios de xénero existentes e tomar conciencia dos mesmos.
- Celebración da 1ª MESA de traballo técnico. A partir da diagnose de puntos febles e fortes celebrouse unha mesa de traballo técnico co departamento de Servizos Sociais para revisar os desequilibrios existentes e establecer as prioridades en materia de políticas de igualdade nas que traballar nos próximos anos.
- Establecemento dos OBXECTIVOS a acadar. A celebración da primeira mesa posibilitou:
 - A identificación das áreas de intervención e/ou áreas de actuación.
 - O establecemento dos obxectivos de traballo.
 - Deseño das propostas de acción.
- Celebración da 2ª MESA de traballo técnico co persoal técnico municipal dos diferentes departamentos para debater acerca das solucións específicas para cada un dos problemas detectados, así como para o establecemento de accións para o aproveitamento das potencialidades.
- Celebración dunha 3ª MESA de traballo coa corporación política coa finalidade de:
 - Estudar as propostas priorizadas polo persoal técnico municipal participante;
 - Definición do alcance da Unidade Técnica de Igualdade.
- O resultado levou a validación do documento de traballo do Plan Operativo pola Corporación Municipal e a súa **aprobación polo Pleno Municipal o 27 de novembro do ano 2015.**
- As liñas estratéxicas estruturáronse en torno a 6 ÁREAS DE INTERVENCIÓN:
 - Ámbito institucional.
 - Ámbito da calidade de vida e benestar.
 - Ámbito educativo.
 - Ámbito cultural, deportivo e asociativo.
 - Ámbito do emprego e conciliación laboral.
 - Ámbito da violencia de xénero.



2

PRINCIPIOS REITORES




COMO PRINCIPIOS REITORES DA FORMULACIÓN do Plan operativo de igualdade de oportunidades do Concello de Cariño, establecéronse:

- **O COMPROMISO** (Como manifestación inequívoca da vontade política pola efectividade do dereito constitucional de igualdade entre mulleres e homes).
- **PRINCIPIO DE IGUALDADE** (Integración do principio de igualdade de trato e de oportunidades no conxunto das políticas municipais).
- **A NON DISCRIMINACIÓN** (Erradicación das situacións de desigualdade e/ou discriminación aínda existentes entre mulleres e homes).
- **TRANSVERSALIDADE** (Como principio orientador e transversal que ha de impregnar todas as políticas municipais).
- **PARTICIPACIÓN** (Garantindo desde a Administración municipal, a presenza e a participación cidadá no deseño, planificación, seguimento e avaliación das políticas municipais de igualdade).
- **DIVERSIDADE** (Valorando os distintos intereses e necesidades da poboación desde unha dobre perspectiva: como elemento de inclusión; desde o respecto á diversidade como elemento clave para a igualdade entre a propia cidadanía derivada de factores raciais, étnicos, culturais, sociais, económicos, de orientación sexual ou calquera outro).



3

ÁREAS DE INTERVENCIÓN



Segundo os resultados do diagnóstico, coa finalidade de corrigir os desequilibrios e progresar no obxectivo xeral de alcanzar a igualdade de trato e oportunidades entre mulleres e homes no Concello de Cariño, estruturáronse os obxectivos específicos e as medidas para logralos nos seguintes ámbitos estratéxicos de intervención:

Ámbito Institucional
6 Obxectivos 22 actuacións
Ámbito da Calidade de Vida e Benestar
3 obxectivos 16 actuacións
Ámbito Educativo
2 obxectivos 5 actuacións
Ámbito Cultural, Deportivo e Asociativo
4 obxectivos 20 actuacións
Ámbito do Emprego e Conciliación Laboral
3 obxectivos 14 actuacións
Ámbito da Violencia de Xénero
3 obxectivos 13 actuacións



ÁMBITO INSTITUCIONAL

OBXECTIVO. 1

Dotar dunha maior sensibilización e formación ao persoal técnico e político municipal en materia de Igualdade.

1. Organización dunha acción formativa no horario laboral dirixida ao persoal técnico-político municipal que favoreza a incorporación da perspectiva de xénero no traballo habitual e o desenvolvemento de accións cara a igualdade nos seus diferentes ámbitos de actuación (igualdade, enfoque integrado de xénero, intervención dende a perspectiva de xénero, linguaxe, etc.).
2. Redacción dunha instrución dende Alcaldía que recorde a todos os departamentos municipais a necesidade de empregar unha linguaxe non sexista e inclusiva.

OBXECTIVO. 2

Xerar un compromiso por parte dos cargos políticos e técnicos cara a incorporación da perspectiva de xénero nas actuacións técnicas e políticas da administración municipal.

3. Constitución dunha Unidade Técnica de Igualdade (UTI) composta polo persoal técnico municipal para a promoción da igualdade e desenvolver o Plan de Igualdade.
4. Designación da presidencia da Unidade Técnica de Igualdade (UTI), a cargo da persoa titular da Concellería de Servizos Sociais.
5. Distribuír a todos os departamentos municipais o Plan de Igualdade, con un extracto daquelas actuacións que son da súa responsabilidade.
6. Elaboración dunha lista de criterios/indicadores para asegurar a incorporación da perspectiva de xénero nas actuacións, programas e/ou actuacións que se realicen dende os diferentes departamentos municipais.



7. Aprobación dunha partida orzamentaria anual para actuacións municipais específicas de promoción da igualdade.
8. Demandar ás empresas subcontratadas para proxectos culturais, deportivos e formativos a realización de actividades con perspectiva de xénero.
9. Incorporar como criterio valorativo para a concesión de subvencións ás asociacións deportivas a inclusión da perspectiva de xénero nos seus proxectos.
10. Emprego de ferramentas online para facilitar a utilización dunha linguaxe non sexista polo persoal técnico e político municipal.
11. Velar por un uso inclusivo e non sexista dos contidos gráficos e da linguaxe na administración municipal , e modificar e suprimir das comunicacións informativas, dos impresos e folletos oficiais administrativos, os elementos sexistas ou discriminatorios que aínda subsisten.

OBXECTIVO. 3

Implementar unha cultura de avaliación con perspectiva de xénero.

12. Incorporar de xeito sistemático a variable de sexo no proceso de recollida de información e en todos os indicadores de avaliación das distintas actuacións e nos informes e estatísticas xeradas no Concello.
13. Implantación dunha ferramenta online para a avaliación de todas as actuacións realizadas no marco do Plan de Igualdade ao longo da súa vixencia.



OBXECTIVO. 4**Visibilizar a política local de promoción dos valores da igualdade.**

14. Creación dunha estratexia de difusión do Plan de igualdade consistente no deseño dun logo que identifique o Plan, a edición do Plan nun formato práctico e resumido para facilitar o coñecemento do mesmo entre a cidadanía, a realización dunha presentación, creación dunha páxina de Facebook dedicada á igualdade e a difusión e publicación de noticias relevantes.

15. Creación dun apartado específico na Web do concello para publicar todas as actuacións que se levan a cabo en materia de igualdade de xénero.

16. Colaboración do Concello co resto de Administracións Públicas nas actuacións ou campañas de sensibilización que se programen e se requira a colaboración municipal.

OBXECTIVO. 5**Establecer unha estratexia de coordinación interdepartamental e crear canles formais de comunicación que sexan útiles e eficaces, mellorando así a comunicación entre departamentos e a optimización de recursos.**

17. Difusión do traballo da Unidade técnica a nivel interno para comunicar as medidas que se levan a cabo, de forma que todos os departamentos teñan pleno coñecemento das labores desenvolvidas pola totalidade do equipo técnico.

18. Convocatoria de reunións periódicas da Unidade Técnica de Igualdade (UTI).

19. Elaboración dun plan de traballo anual no seo da Unidade Técnica de Igualdade para a identificación das actuacións prioritarias que se desenvolverán ao longo de cada ano e remisión á Xunta de Goberno local para a súa aprobación.



20. Realización de informes de avaliación, no seo de UTI, para a identificación dos recursos (económicos e/ou dedicación horaria) empregados nos diferentes departamentos para a execución das actuacións do plan de igualdade.

OBXECTIVO. 6

Consolidar os avances en materia de igualdade.

21. Publicar nos medios de comunicación municipais informacións sobre temas relacionados coa igualdade de oportunidades de mulleres e homes e coas actuacións desenvoltas, facilitando así un maior coñecemento a través dos medios.

22. Procura de acordos de cooperación con outras institucións públicas e/ou privadas para a promoción da igualdade (CIM de Ortigueira, Servizo Galego de Saúde, Fundación Pública Escola Galega de Administración Sanitaria, Escola Galega de Saúde para cidadáns, etc.).



ÁMBITO DA CALIDADE DE VIDA E BENESTAR

OBXECTIVO. 1

Fortalecer o traballo de promoción da autonomía persoal e o envellecemento activo das persoas maiores do concello favorecendo a igualdade de oportunidades.

- 1.** Promoción de actividades lúdicas con carácter puntual en datas sinaladas (8 de marzo, 25 de novembro, etc.) coa finalidade de promover a práctica de actividade física de mulleres e homes da poboación xeral, pero non unicamente como unha medida de movemento, senón potenciando as relacións e a convivencia entre o colectivo de persoas maiores.
- 2.** Remitir ao centro de saúde e a todo o equipo dos Servizos Sociais Municipais un programa con información básica sobre as actividades e programas municipais de promoción da autonomía persoal e envellecemento activo.
- 3.** Garantir a continuidade do programa de envellecemento activo.
- 4.** Programación de actividades de información, formación, sensibilización e de apoio dirixidas ás persoas cuidadoras de familiares de persoas con dependencia, dende as que se fomente a corresponsabilidade e se dinamice a constitución dun grupo de apoio.
- 5.** Mantemento dos recursos para o servizo de axuda a domicilio.
- 6.** Difundir entre a poboación maior do concello os beneficios do mantemento da actividade física habitual e da práctica de exercicio físico regular; dar a coñecer os programas existentes e as instalacións e/ou espazos á súa disposición; e realización dalgunha actividade específica para maiores dende o departamento de deportes e en colaboración co programa de Envellecemento Activo.



OBXECTIVO. 2

Favorecer a promoción de hábitos de vida saudables e a mellora da calidade de vida das mulleres e homes do concello.

7. Programa para o coidado da saúde consistente na realización de charlas informativas acerca da importancia do coidado da saúde integral dende unha perspectiva de ciclo de vida e xénero (Discapacidade, menopausia, alimentación, drogas, ludopatías, crecemento persoal, ...).

8. Garantir o acceso á información de mulleres e homes sobre os diferentes recursos e servizos existentes no municipio dirixidos á prevención e á atención integral da saúde.

9. Realización dunha campaña de divulgación e sensibilización sobre os beneficios dunha práctica física e deportiva axeitada dende unha perspectiva de ciclo de vida e xénero: “Decálogo de consellos para unha boa práctica deportiva e alimentaria”.

10. Dotación de novo mobiliario urbano nas praias (papeleiras e sinalización, especialmente) e organización dunha campaña de sensibilización para a preservación do medio natural e sobre o uso público de espazos naturais promovendo a participación da poboación local na recuperación do entorno medioambiental, urbano e rural.

11. Velar pola introdución da perspectiva de xénero na mellora, deseño e planificación urbana e medio ambiental, e estudar a accesibilidade no termo municipal, promovendo a participación Cidadá dende unha perspectiva de xénero.

12. Elaboración dun mapa de lugares onde as mulleres se sintan inseguras.

13. Facilitar o acceso á información da cidadanía en xeral, e das mulleres en particular, sobre políticas e proxectos urbanísticos, coa finalidade de posibilitar que a xente aporte suxestións.



14. Sensibilizar sobre os riscos derivados do emprego no ámbito doméstico de determinadas tecnoloxías e produtos prexudiciais para a saúde e o medio ambiente.

OBXECTIVO. 3

Desenvolver actividades interxeracionais dende unha perspectiva de ciclo de vida e xénero.

15. Organización de xornadas de xogos populares e xogos deportivos en familia para favorecer as relacións interxeracionais (olimpíadas corresponsables, etc.).

16. Desenvolvemento de actuacións interxeracionais dende unha perspectiva de xénero que permitan a transmisión mutua de experiencias, valores e coñecementos entre as persoas maiores e outros grupos de idade (charlas nas que as mulleres maiores expliquen ás nenas e nenos algún aspecto concreto do municipio, como usos e tradicións, etc.).

ÁMBITO EDUCATIVO

OBXECTIVO. 1

Potenciar a colaboración coas ANPAS e o profesorado para a posta en marcha de iniciativas coeducativas.

1. Crear un plan de traballo anual (antes do comezo do ano académico) entre o concello, a ANPA e os centros escolares para programar accións ou actividades coeducativas (“Mural conmemorativo do Día da Muller”, conmemoración do 25 de novembro, etc.).
2. Campaña de xoguetes non sexista para sensibilizar ás familias e á cidadanía en xeral, a favor de xogos e xoguetes non sexistas.

OBXECTIVO. 2

Formar á comunidade educativa nos valores da igualdade e desenvolver iniciativas para a incorporación da perspectiva de xénero en proxectos educativos.

3. Deseño dun programa de actividades coeducativas sobre igualdade de xénero, corresponsabilidade, educación afectivo sexual para as nais e pais do alumnado dos centros escolares (“Espazo de familias”).
4. Programa coeducativo “Iguais no traballo” en colaboración co Departamento de Emprego e desenvolvemento local para visibilizar a muller no mercado de traballo.
5. Realización de obradoiros de coeducación dirixido ao alumnado dos centros educativos, abordando diferentes ámbitos segundo o ciclo educativo, como a sexualidade, autoestima, habilidades sociais, identidade de xénero, diversidade afectivo - sexual nos que se favoreza a Igualdade de trato e a non discriminación por razón de xénero, afectividade e as relacións persoais, corresponsabilidade, etc.



ÁMBITO CULTURAL, DEPORTIVO E ASOCIATIVO

OBXECTIVO. 1

Promover a participación do tecido asociativo nas políticas de igualdade e rexeitamento cara a violencia de xénero.

1. Difusión na Web municipal das actividades /programas / actos que organiza o tecido asociativo local e diagnosticar a presenza ou non dunha perspectiva de xénero nas actividades que desenvolven ao longo do ano.
2. Ofrecer asesoramento ás asociacións en temas de tramitación de solicitudes formais para acceder a subvencións convocadas por diferentes organismos públicos, así como na elaboración de memorias de actividades incorporando datos de participación desagregados segundo sexo; e dinamizar e ofrecer asesoramento para o impulso, creación e xestión de asociacións de mulleres (de cuidadoras informais, de vendedoras ambulantes, etc.).

OBXECTIVO. 2

Promover e visibilizar todas as propostas de actividade física e deportiva que amplían as múltiples formas de facer e ver o deporte a mulleres e homes do concello.

3. Colaboración coas asociacións deportivas no deseño e na execución de programas deportivos de interese municipal dende unha perspectiva de xénero para aumentar a participación da poboación maior de 18 anos, e procura de patrocinios entre as empresas locais para o desenvolvemento de actuacións deportivas.
4. Dar continuidade á organización de campañas de sensibilización dirixidas ás familias para incentivar a práctica deportiva dos nenos e nenas, e Invitar ás asociacións e clubs deportivos para que expliquen e mostren as súas prácticas deportivas aos nenos e nenas dos centros educativos, animando a que

participen en deportes sen ter en conta a razón de xénero.

5. Planificación de eventos deportivos que fomenten unha participación igualitaria entre mulleres e homes mediante o desenvolvemento de actividades con carácter recreativo orientadas á mellora da saúde e que teñan como tema a promoción da igualdade de xénero.

6. Incorporación de criterios orientados ao impulso da perspectiva de xénero na concesión de subvencións ou na subscrición de convenios con entidades deportivas, coa finalidade de incentivar aos clubs para que adopten medidas que favorezan a incorporación de mulleres e o impulso da práctica deportiva das mulleres.

7. Nas estratexias empregadas para a difusión das actividades ou eventos deportivos, preceder a información do deporte feminino ao masculino, así como priorizar a presenza de imaxes de mulleres practicando deporte.

8. Establecemento de categorías feminina e masculina nos eventos deportivos nos que se entregue algún premio ou recoñecemento.

9. Recollida de datos das persoas usuarias ou inscritas nas instalacións deportivas municipais e/ou participantes nas actividades deportivas municipais desagregado por sexo.

10. Recoller datos das entidades deportivas para coñecer o índice de abandono deportivo existente segmentado por sexo e categoría.

11. Incorporación da perspectiva de xénero na realización dos Xogos nas festas patronais.



OBXECTIVO. 3

Potenciar a cultura como feito relacional onde se favoreza o encontro, a convivencia e participación en igualdade entre homes e mulleres.

- 12.** Potenciar o hábito da lectura entre as mulleres e homes do municipio a través da realización de obradoiros de animación á lectura, foros literarios, informando ás asociacións do funcionamento de préstamos de libros na biblioteca pública, etc.
- 13.** Favorecer a celebración de exposicións, mostras de obras e traballos artísticos realizados por mulleres que incorporen unha visión non sexista da sociedade.
- 14.** Ampliar o fondo bibliográfico sobre temas de xénero na biblioteca.
- 15.** Promover a incorporación da perspectiva de xénero nas actividades organizadas dende a biblioteca (contacontos, mostra de teatro, actividades literarias, musicais, etc.).
- 16.** Elaboración dunha guía de lectura “Guía de contos e literatura infantil non sexista” promovido pola biblioteca para difundir valores de igualdade entre homes e mulleres, difusión a través da páxina Web municipal, e actualización anual.
- 17.** Organización de faladoiros “tardes de mulleres” ao longo de todo o ano onde un ou unha profesional fai unha exposición dun tema que leva a un faladoiro e debate.
- 18.** Organización de “contacontos pola Igualdade” sobre a promoción da igualdade de oportunidades e a prevención da violencia de xénero dirixidos a menos e nenas da Educación Primaria.



19. Organizar con carácter anual unha actividade consistente nun video-forum para a conmemoración de datas sinaladas e dirixido, especialmente, á poboación maior.

OBXECTIVO. 4

Fomentar o empoderamento e liderado das mulleres.

20. Habilitar un espazo na Web municipal para dar a coñecer iniciativas empresariais levada a cabo por mulleres.



ÁMBITO DO EMPREGO E CONCILIACIÓN LABORAL

OBXECTIVO. 1

Facilitar a conciliación da vida laboral, familiar e persoal da poboación de Cariño.

- 1.** Facilitar que a formación continua do persoal municipal se realice dentro do horario laboral, polo menos un 60% do seu horario lectivo, para compatibilizar a vida laboral e familiar.
- 2.** Velar pola incorporación de variantes (horario, localización, etc.) na programación de actividades deportivas ofertadas en resposta ás necesidades detectadas en cada un dos segmentos de poboación para facilitar á conciliación da vida laboral, familiar e persoal.
- 3.** Manter a organización de forma paralela de actividades deportivas escolares e de actividades deportivas dirixidas ás persoas adultas co obxecto de conciliar a vida familiar coa actividade deportiva.
- 4.** Favorecer a asistencia das mulleres ás accións formativas facilitándolles o apoio para a atención a menores e maiores ao seu cargo.
- 5.** Información e difusión das medidas de conciliación así como dos dereitos, permisos e beneficios relacionados coa paternidade e maternidade mediante a inserción de enlaces na páxina Web municipal; e compilar e difundir entre a poboación información sobre medidas e boas prácticas de conciliación da vida laboral, familiar e persoal.



OBXECTIVO. 2

Sensibilizar á poboación local e aos axentes sociais en materia de corresponsabilidade e conciliación.

6. Organización de actividades lúdicas (durante a celebración de festas, eventos deportivos, etc.) que fomenten a corresponsabilidade dirixidas a homes e mulleres.
7. Promover o coidado da vida propia entre a poboación adolescente no ámbito da prevención dos riscos para a saúde e a vida mediante a organización de charlas no IES (drogodependencias e adicións, seguridade viaria, etc.).
8. Organización de charlas informativas dirixidas ás asociacións locais sobre o acceso vía telemática para a solicitude dalgunhas subvencións na Comunidade Autónoma, como medida de conciliación, e permitindo así unha mellora da accesibilidade horaria.

OBXECTIVO. 3

Xerar programas e proxectos de formación, orientación e inserción laboral que faciliten as posibilidades profesionais das mulleres.

9. Dar continuidade as accións formativas en novas tecnoloxías para a poboación de maior idade (especialmente mulleres) mellorando así a súa capacitación laboral.
10. Realizar encontros ou xornadas de mulleres emprendedoras e empresarias para o intercambio de experiencias e boas prácticas en datas conmemorativas, como o 8 de marzo ou o 25 de novembro.
11. Impulsar a formación das mulleres en actividades tradicionalmente consideradas masculinas (por exemplo sector agrario e pesqueiro), mediante a oferta de cursos destinados á mulleres sobre competencias necesarias para traballar en ditos sectores.



- 12.** Organización de programas formativos en Competencias Clave e de preparación das probas libres para a obtención do título de graduado en ESO.
- 13.** Seguir ofrecendo asesoramento en materia de emprego e emprendemento a mulleres a través da Axencia de Emprego e Desenvolvemento Local.
- 14.** Campaña informativa para a dignificación do traballo doméstico remunerado dirixido ás traballadoras do fogar – servizo doméstico, en colaboración co departamento de emprego.

ÁMBITO DA VIOLENCIA DE XÉNERO

OBXECTIVO. 1

Desenvolver medidas de sensibilización, detección, prevención e intervención ante a violencia de xénero.

- 1.** Organización dunha charla informativa dirixida ao persoal técnico traballador e político do concello abordando temas relacionados co bo trato e a prevención da violencia de xénero.
- 2.** Manter a celebración anual do Día Internacional contra a Violencia de Xénero, e proporcionar información sobre as principais tipoloxías de violencia (física, psicolóxica, sexual, económica) para que a poboación aprenda a detectar as súas manifestacións e poida desmitificar os falsos estereotipos de vítimas e maltratadores.
- 3.** Implicación das asociacións de mulleres e culturais do concello como axentes dinamizadores da vida rural na loita contra a violencia de xénero, organizando actividades conxuntas que sirvan para dar visibilidade e sensibilizar á poboación local ante este fenómeno, así como conmemorar datas algunhas datas clave (25 de novembro, 8 de marzo, etc.).
- 4.** Promover a participación dos homes do municipio nos programas de sensibilización e prevención da violencia contra as mulleres.
- 5.** Publicación nos medios de comunicación locais de información relacionada coa violencia de xénero (noticias, teléfonos, axudas, etc.), e elaboración dun folleto con información sobre a violencia de xénero no que se recolla os principais recursos que están ao alcance das mulleres de Cariño para combatala.



6. Organización de obradoiros de autoestima, crecemento persoal e desenvolvemento emocional para mulleres.

7. Organización de actividades lúdicas e terapéuticas dirixidas a mulleres en risco ou en situación de violencia de xénero, menores ao seu cargo, así como para as mulleres en xeral, nas que se proporcionen ferramentas de autoprotección e educación en materia de igualdade.

OBXECTIVO. 2

Prevención da violencia de xénero dende o ámbito educativo.

8. Formar ao profesorado a detectar como son as primeiras manifestacións da violencia na poboación xuvenil e, establecer indicadores de detección de casos sospeitosos de violencia e mecanismos de derivación de casos.

9. Organización de actividades educativas no último ciclo da Educación Primaria e en Educación Secundaria sobre a loita contra o sexismo e a violencia, ensinando a detectar e a combater os problemas que conducen ao sexismo e á violencia contra as mulleres.

OBXECTIVO. 3

Mellorar a coordinación e comunicación entre os diferentes ámbitos profesionais para garantir a total atención e protección ás mulleres en situación de violencia de xénero.


10. Organización dunha mesa de coordinación cos diferentes ámbitos implicados no tratamento e intervención en materia de violencia de xénero no concello, proporcionando así unha atención especializada ás vítimas.

11. Establecemento dun acordo de colaboración co CIM de Ortigueira para a posta en marcha dun Itinerario de actuación profesional conxunto que articule a coordinación, derivación e actuación dos e das profesionais dos diferentes ámbitos implicados no tratamento e intervención en situacións de violencia de xénero.

- 12.** Dotación dunha partida orzamentaria destinada á dotación dun recurso de aloxamento para casos de emerxencia.
- 13.** Elaboración e difusión dun mapa de recursos para os e as profesionais dos diferentes ámbitos.

4

MECANISMO DE COORDINACIÓN



Tanto para a realización do seguimento e a avaliación, como para a xestión do PIOMH deseñouse unha **UNIDADE TÉCNICA DE IGUALDADE** que terá a labor de coordinar os traballos de execución do PIOMH ao longo do seu período de vixencia. Trátase dunha estrutura de carácter permanente que se responsabilizará de promover a integración da igualdade de oportunidades entre mulleres e homes no eido municipal.

O seguimento farase anualmente para coñecer o grao de cumprimento do PIOMH, tanto por ámbito de actuación como por obxectivos específicos, e realizaranse avaliacións intermedias e avaliacións finais, que medirán a eficacia e eficiencia tanto dos obxectivos como dos resultados, o grao de satisfacción das persoas implicadas, e recolleranse as necesidades e as expectativas para a elaboración da política municipal de igualdade en posteriores períodos.

O seguimento e avaliación farase con carácter anual e desde unha visión proactiva que permita unha reorientación continua e, por tanto, anticiparse ás situacións que precisen de medidas correctoras.

FUNCIÓNS

1ª Establecemento de plans de acción anual (establecer un orde de prioridade anual de execución das actuacións do plan), atendendo a cuestións técnicas e económicas.

2ª Impulsar, coordinar e levar a cabo o seguimento das actuacións aprobadas que competen desenvolver a cada departamento.

3ª Desenvolver propostas operativas de intervención, realizando se procede, revisións no deseño dos proxectos que se estean realizando.

4ª As persoas que forman parte da unidade deberán actuar como axentes de dinamización da igualdade de xénero nos seus respectivos departamentos de intervención municipal, e identificar os desequilibrios de xénero existentes nas súas respectivas áreas de traballo.



5ª Proporcionar información sobre a execución das actuacións en materia de igualdade nos respectivos departamentos.

6ª Aplicar os métodos de coordinación, seguimento e avaliación que sexan establecidos en materia de transversalidade.

7ª Realizar o seguimento da execución do plan de igualdade (cumprimentar as fichas de seguimento e avaliación das actuacións, nun prazo de 1 mes).

8ª Estudar informes de implementación e balance do cumprimento do plan (seguimento continuo).


9ª Revisión do cumprimento dos obxectivos e consolidación dos xa acadados (medición do grado de cumprimento dos obxectivos xa consolidados).

CARACTERÍSTICAS

- **Convocatoria:** dúas sesións ao ano con posibilidade de celebrar sesións de carácter extraordinario.
- **Datas:** finais de ano, cada semestre.
- **Funcionamento:** creación dun único grupo de traballo/creación de grupos de traballo inter-áreas (servizos sociais); presidencia da unidade (concelleira da área de SS.SS e atención cidadá: Mª José Fraguela).
- **Obxectivos:**
 - Garantir o acordo político, estudando e dinamizando as iniciativas derivadas do plan.
 - Garantir a execución das actuacións contidas no plan, concertando os esforzos e recursos necesarios para o cumprimento dos obxectivos de cada un dos eixes estratéxicos, asegurando a acción común que require un plan transversal.
 - Garantir o compromiso institucional para o cumprimento do plan e das actuacións contidas no mesmo por cada unha das áreas responsables e implicada nelas.

5

AVALIACIÓN



Este plan de igualdade é unha ferramenta estratéxica, e como tal debe perseguir o cumprimento dos obxectivos contemplados a través da execución das diferentes accións nas que se vertebra.

O seguimento e avaliación da execución das accións segundo os plans de accións anuais realizarase mediante unha APLICACIÓN ONLINE, o que suporá unha mellora continua e unha maior eficacia das actuacións previstas. Esta aplicación permitirá a realización de informes anuais nos que se dará conta do nivel de execución das accións, elevándose aos órganos municipais que corresponda.

O sistema online para o seguimento e posterior avaliación do Plan Operativo, consiste no emprego dun formulario a través dunha plataforma online que contén unha serie de INDICADORES DE AVALIACIÓN da actividade (descripción, obxectivo, departamento responsable, público destinatario, orzamento inicialmente previsto e orzamento executado, cronograma de implementación da actividade, indicadores de resultado, etc.).

A información que se recolla mediante esta enquisa de avaliación das actuacións desenvoltas permitirá levar a cabo unha ANÁLISE CRÍTICA DAS ACTUACIONES E RESULTADOS acadados no Plan de Igualdade de Oportunidades do Concello de Cariño. Este sistema permitirá coñecer a incidencia que está tendo a posta en marcha do Plan, os obstáculos que están aparecendo e non se identificaran, etc., de xeito que se poidan expor alternativas e asegurar o cumprimento dos obxectivos do Plan.

Os apartados que se deberán cumprimentar en dita ficha son os seguintes:

DESCRIPCIÓN DA ACTUACIÓN

1. Liña estratéxica.
2. Concellaría.
3. Departamento.
4. Persoa responsable da implementación.
5. Nome completo da técnica ou técnico que introduce os datos para a avaliación da actuación.
6. Título da actuación.

7. Tipoloxía de intervención.
8. Descrición da actuación.
9. Outros axentes implicados no desenvolvemento da actuación.
10. Carácter da actuación.
11. Colectivo/s beneficiario/s.
12. Persoa responsable da implementación.
13. Técnica/o que introduce os datos na aplicación.
14. Arquivo/o ou ficheiro/s complementarios.

INDICADORES DO GRAO DE CUMPRIMENTO E/OU PROCESO

15. Grao de cumprimento do obxectivo.
16. Planificación inicial.
17. Execución.
18. Orzamento estimado na planificación da actuación.
19. Orzamento executado.
20. Orixe do financiamento.
21. Dificultades na execución da actuación.
22. Grao de equidade da actuación.
23. Outros indicadores de avaliación.
24. Planificación da finalización.
25. Finalización.
26. Grao de transversalidade da actuación:





Deputación
DA CORUÑA



CONCELLO
DE CARIÑO